



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Intervención Didáctica en Espazos Culturais	Código	652534020		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Didácticas Específicas Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
Coordinación	Pérez Guilarte, Yamilé	Correo electrónico	yamile.perez@udc.es		
Profesorado	Pérez Guilarte, Yamilé	Correo electrónico	yamile.perez@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Na educación regrada e nos ámbitos da educación non regrada estase a dar un incremento das relacións entre docentes/educadores e os contextos culturais de diferentes ámbitos, nun diálogo enriquecedor que se nos ofrece como interesante potencial educativo.</p> <p>Ademais, constitúen un importante xacemento de emprego con novas figuras profesionais e especificamente aquelas relacionadas co ensino non regrado e co ámbito da comunicación dos coñecementos sociais e culturais.</p> <p>O coñecemento destes espazos culturais e a activación de recursos didácticos en relación con eles, é o eixo principal desta materia, caracterizada por unha orientación práctica e vivencial.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e identificar os espazos culturais e o seu potencial educativo en diferentes contextos.	AM1	BM12	CM8
Familiarizarse cos diferentes ámbitos dos espazos culturais dende unha perspectiva interdisciplinar e integradora.	AM2	BM2 BM9	
Experimentar e vivenciar situacións e procesos de aprendizaxe en relación cos espazos culturais e desenvolver as capacidades emocionais e creativas.			CM4 CM6 CM7
Coñecer, analizar e avaliar experiencias e propostas innovadoras nos ámbitos da Educación Infantil e Primaria.	AM6 AM9 AM15		CM1 CM11 CM13
Ser capaz de deseñar propostas didácticas para diferentes niveis da Educación Infantil e Primaria coherentes e innovadoras aplicando os coñecementos adquiridos en diferentes contextos educativos.	AM3 AM7	BM1 BM4 BM6	
Identificar o espazo físico do ámbito virtual e coñecer as interrelacións entre ambos planos.	AM8	BM11 BM13	CM10

Contidos

Temas	Subtemas
A comprensión do espazo.	<ul style="list-style-type: none"> · O espazo conceptualizado e vivenciado polo ser humano. · Diversificación do espazo e espazos culturais.



A pedagogía dos espazos.	<ul style="list-style-type: none"> · Do espazo vivido e comprendido ao espazo para a didáctica. · Espazos culturais como recursos e ferramentas didácticas. · Os espazos culturais e as súas relacións cos contextos educativos. · Potencialidade didáctica dos espazos culturais: da vivencia á proposta. · A perspectiva transdisciplinar. · Experiencias e propostas didácticas en espazos culturais: análise de experiencias e perspectivas de acción para a súa implementación na Educación Infantil e Primaria.
Espazo físico e ámbito virtual.	<ul style="list-style-type: none"> · Os espazos culturais físicos e a súa vivencia. · os espazos culturais virtuais e o seu potencial.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1 B12 C8	1	1	2
Análise de fontes documentais	A6 A15	1	3	4
Aprendizaxe colaborativa	C4	2	6	8
Obradoiro	A8 B1 C1	2	4	6
Saídas de campo	A1 A2 B2 B9 B11 C7 C10 C13	4	12	16
Sesión maxistral	A1 B11 C10 C11	6	6	12
Traballos tutelados	A3 A7 A9 B4 B6 B13 C6	5	20	25
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Periódica e sistematicamente fanse debates e discusións de ideas previas sobre a motivación, interese e coñecementos con respecto á planificación e desenvolvemento da materia.
Análise de fontes documentais	Realízanse actividades para o coñecemento de fontes documentais de ampla diversidade que acheguen información acerca de contidos e, sobre todo, recursos didácticos en relación cos espazos culturais.
Aprendizaxe colaborativa	Actividades que promovan o traballo en pequenos grupos: intercambio de información, discusións, postas en común, toma de decisións, comprensión do grupo como unha tarefa única.
Obradoiro	Están concibidos como ensaios de experimentación de aprendizaxes de traballo por proxectos e por centros de interese. Materialízanse en encontros, simulacións, debates, exposicións, etc., arredor de temáticas concretas, deseñados e desenvolvidos polo alumnado e guiados pola profesora.
Saídas de campo	Son unha parte moi importante no desenvolvemento da materia e serán saídas programadas a contextos culturais formativos e a contextos do contorno inmediato. Preténdese que o alumnado adquira tanto capacidades de organización de saídas como o coñecemento de institucións, actividades, exposicións, paisaxes, etc. e a comprensión do seu potencial educador. O alumnado desenvolverá capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a experimentación e a recollida de información.
Sesión maxistral	As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema. Realízanse co apoio de documentación específica e medios audiovisuais e estará directamente relacionada coas metodoloxías utilizadas na docencia interactiva.



Traballos tutelados	A aprendizaxe de metodoloxías para a súa aplicación didáctica concretarase na elaboración dun estudo ou traballo acerca dalgunha das temáticas consideradas no espectro dos espazos culturais. O alumnado seleccionará un tema, formulará os obxectivos, realizará unha xustificación, desenvolverá a metodoloxía idónea, resolverá o tema e/ou proposta e obterá as conclusións pertinentes.
---------------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Os traballos tutelados conlevan unha atención personalizada nas titorías.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A3 A7 A9 B4 B6 B13 C6	O proceso de deseño e elaboración dos traballos, os resultados dos mesmos, así como a exposición oral, serán obxecto de avaliación. Terase en conta a idoneidade do tema escollido e o seu desenvolvemento. Realizaranse en grupos de dous ou tres persoas.	60
Saídas de campo	A1 A2 B2 B9 B11 C7 C10 C13	As actividades previas e posteriores ás saídas a centros de interese cultural serán obxecto de avaliación, valorándose a participación activa e a calidade na realización das tarefas encomendadas.	40

Observacións avaliación

Na avaliación terase en conta a participación e dedicación á materia, tanto na aula como nas actividades realizadas fóra da mesma.

O alumnado será avaliado a través dos traballos grupais (60%) e dun traballo individual sobre as saídas didácticas (40%), sempre que asista polo menos ao 80% das aulas presenciais.

O alumnado que non alcance unha asistencia do 80% das clases presenciais, así como o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia será avaliado por un exame (70%) sobre o temario da materia, e por un traballo tutelado (30%). Para aprobar deberá superar tanto o exame como o traballo.

O alumnado terá que realizar todas as saídas que se programen. Se por causa xustificada non a puidera facer co grupo, deberá facela individualmente, exceptuando aqueles casos que polas características non o permitan, polo que tería que realizar unha tarefa de contidos ou características semellantes.

Para superar a materia, o alumnado terá que superar cada unha das metodoloxías de avaliación, así como presentar os traballos coa debida corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica, tanto na expresión oral como escrita.

Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

A realización fraudulenta das actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Hernández Carretero, A. M. (2010). El valor del paisaje cultural como estrategia didáctica.. Tejuelo, 9 - Estepa Giménez, J. (2013). La educación patrimonial en la escuela y el museo: investigación y experiencias.. Huelva: Servicio de Publicaciones Universidad de Huelva - Calaf Masachs, R. (2009). Didáctica del patrimonio: epistemología, metodología y estudio de casos.. Asturias: Trea - Cifre- Mas, J. e Adrover J. M. (2012). Aprender a través de los ambientes. Una propuesta para una escuela activa y competencial. . Aula de Innovación Educativa. Aula de espacios y tiempos - Asensio, M. e Pol, E. (2002). Nuevos escenarios en educación. Aprendizaje informal sobre el patrimonio, los museos y la ciudad. . Buenos Aires: Aique - Escribano-Miralles, A. y Molina, S. (2015). La importancia de las salidas escolares y museos en la enseñanza de las ciencias sociales en Educación Infantil. Análisis de un caso a partir del modelo CIPP.. Clío: History and History Teaching - Fontal Merillas, O., Gómez-Redondo, C. (2015). Evaluación de programas educativos que abordan los procesos de patrimonialización.. Didáctica de las ciencias experimentales y sociales - Licerias Ruiz, A. (2003). Observar e interpretar el paisaje. Estrategias didácticas. . Granada: Grupo Editorial Universitario. - Rivero, Pilar (2006). Didáctica de las Ciencias Sociales fuera de la escuela: competencias para una mayor empleabilidad.. Barcelona: IV Congrés Internacional Docència Universitària Innovació &quot;La competència docent <p>https://vtshome.org/http://museobelasartescoruna.xunta.gal/ http://istoenormal.org/gl/</p> <p>http://www.fundacionnaturgy.org/mac/https://vtshome.org/http://museobelasartescoruna.xunta.gal/</p> <p>http://istoenormal.org/gl/ http://www.fundacionnaturgy.org/mac/</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

A Contorna como Recurso Educativo /652534006

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Investigación e Innovación en Didáctica das Ciencias Sociais /652534021

Observacións

Trátase dunha materia que se realizará, principalmente, cunha metodoloxía de participación activa, na que a propia dinámica do curso irá sinalando os centros de interese do alumnado e, en base a estes, iranse concretando temáticas e actividades a realizar. É por isto polo que a asistencia e participación, en todas e cada unha das actividades desenvolvidas no contexto da materia, será fundamental. A entrega dos traballos realizarase telemáticamente, na plataforma correspondente, se non é posible, non deben empregarse plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Debe facerse un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural e ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos personais e profesionais. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proponerse accións e medidas para corrixilas.



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías